

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Indica se os verbos destas oracións son predicativos ou copulativos.

- Un dos símbolos de Europa é a bandeira.
- Non sei que parececes con ese sombreiro.
- Ese cadro ten centos de anos.
- Aquela casa semellaba baleira.
- O tío de Xián colleu setas para o xantar.
- Pareceume ver un corzo detrás daquelas árbores.

Predicativos	Copulativos

2. Subliña o predicado das seguintes oracións e di de que tipo é.

- Os camións de transporte son moi grandes. _____
- Os cans do teu irmán saltaron o valado. _____
- A bicicleta azul pesa moito. _____
- Manuel e Sabela parecen irmáns. _____
- Os teus amigos semellaban máis altos. _____
- Eu non durmo con tanta luz. _____

3. Analiza o predicado nominal das oracións anteriores.

4. Escribe dúas oracións con predicado nominal e dúas con predicado verbal.

- _____
- _____
- _____
- _____

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Completa as seguintes oracións con **haber e a ver**.

- Eu penso que debería _____ moita máis xente alí.
- Vou para casa, _____ se remataron coas obras.
- Ten que _____ máis de douscentos exemplares naquela biblioteca.
- Esta curva é moi perigosa, debería _____ un sinal.
- _____ cando me chamas!
- Mira aquel carteliño _____ que pon.
- O venres podería _____ unha sorpresa moi grande.

6. Completa as seguintes oracións con **hei e ei!**

- _____ Xián. Por que fixeches iso?
- Por que _____ de ir ao colexio se hoxe non hai clase?
- _____ chamarte por teléfono a ver que tal estás.
- _____ Ten coidado co que fas.
- _____ Canto tempo sen verte!

7. Completa as seguintes oracións con **aí, aí! e hai**.

- Xa _____ moitos anos que estou fóra.
- Por _____ vén o teu irmán.
- _____ Que alegría acabo de levar.
- _____ Pero que guapa estás!
- _____ unha cadeira que está estragada.
- Mira! _____ un camiño de terra.

8. Escribe o ditado.

Unidade 8. Que drama!

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

9. Le o seguinte texto.

MARUXAINA

Unha lenda da Mariña lucense conta que diante do cabo de San Cibrán, no concello de Cervo, hai uns illotes chamados Os Farallóns. Dise que alí vive unha serea chamada «A Maruxaina». Nos días de mal tempo, a Maruxaina sae dos illotes e chama os mariñeiros. Hai quen cre que sae para axudar os mariñeiros en caso de perigo, pero tamén hai quen di que a súa intención é engaiolalos para que naufraguen. Esta vila de San Cibrán recuperou hai algúns anos unha vella tradición. Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, lévase esta serea desde Os Farallóns ata a praia de San Cibrán. Alí é sometida a un xuízo popular, no que queda absolta. Ao rematar, volve ás illas, nas que permanece o resto do ano.



Popular

2. Contesta estas preguntas.

• Que é o texto que acabas de ler? _____

• Que é unha lenda ou mito? _____

3. Cántalles unha lenda aos teus compañeiros.
